

Veciñas, veciños, amigos e visitantes deste lugar onde a maxia do espazo evoca traballos nos que a semente da terra, regada coas suores do Bouzós, noutros tempos mataban a fame de fame. E agora, dende hai máis dun cuarto de século, e grazas á Asociación O Cacarexo e outras persoas e entidades colaboradoras, este é un lugar onde medran as espigas cos valores máis arraigados da nosa cultura e onde a palabra mestúrase e tinxe coa voz amiga dos Aldao, das Victoria, dos Xerardo, dos Xabier, dos Manuel, Xosé, dos Bernardino, dos Vázquez Pintor e tantos outros, sabedores das nosas raíces.

Quero compartir uns poucos retallos da historia, das augas, dos muíños,... e ata das crises que achegaron ou enfrontaron ao territorio de Coiro, da man das súas xentes, con Bueu, que é de onde veño.

1. Sabido é que, xa desde antes do s. XII, aos frades de Ermelo pagábanlle foro por moitos dos montes, leiras, aldeas e lugares da contorna. Pero o que quizais se saiba menos é que todos os montes “*coas súas fontes e bebedoiros polos altos vaos*“ de todas as freguesías do Morrazo (polo que este río tamén!) foron aforadas o 26 de setembro de 1689 por Yañez Álvarez de Soutomaior ao Comisario do Sto. Oficio e abade de Bueu, Fernando de la Rúa e Freire para que “*poida cobrar, facer e recadar... de todo o que se labrase e collera nos montes de ditas freguesías...*”. E non vos caiba dúbida, polas referencias

que del temos, que os cobraba e ben cobrados. A raíz disto, e de doutras actividades..., Fernando de la Rúa chegou a facerse con bastantes propiedades en Coiro. Quizais unha das máis significativas sexa a Casa Granxa da Boubeta, hoxe casa rural.

2. Coma segundo retallo: En Coiro tendes meigas famosas e en Bueu un meigo e, para máis inri, frade. Chamábase Frei Martín Pelagio, que anos despois da vosa María Soliño, Elvira Martínez e outras meigas foi procesado tamén pola Sta. Inquisición. E no xuízo dixo que residindo no mosteiro de Ermelo concorria con *“xentes e mulleres de mal vivir a unhas reunións que todos os sábados se celebraban nunha praia existente”* na parroquia de Coiro.

3. Citar que outro tipo de reunións, como as muiñadas e as fiadas, que había nesta contorna preocupaban moito ao clero. Ante esa preocupación o Arcebispo Bartolomé de Rajoy e Lossada, en 1757, facultou aos curas de Moaña, Sto Tomé,...(e do resto da comarca) para impoñer multas aos que participaran nesas xuntanzas.

Pero aquí, no muíño do Fausto podedes bailar, gozar e, a vosa conta, comer canto vos pete (empanadas de millo, ovos con migas, chourizos, ...) e incluso o que cociñou Rosalía de Castro cando dixo:

Fixen un caldo de gloria

Que me soupo, que la mar;

Fixen un bolo do pote

Que era cousa de envidiar...

4. Coma cuarto paralelismo amentar o Motín en Ermelo onde veciños da contorna reunidos, aquí enriba, no Pouso das Cruces o once de xuño de 1810 deciden subir ata o mosteiro e *“entran en tropel polo portal do priorado... achegándose a onde estaban as autoridades encargadas da recadación pedíndolles”*... *“a Real Provisión”* (ou sexa os papeis das débedas). A pesar de ser uns *“douscentos homes... armados con escopetas, fusiles, fouciñas, chuzos e paus...”* e que mantiveron duros enfrontamentos verbais e tensas negociacións pouco máis conseguiron cun aprazamento no pago dos impostos e foros...
5. Ás dificultades e penurias posteriores á Guerra Civil Española engádeselle unha prolongada seca, a do 1949. Coma consecuencia directa desta temos a *“sublevación”* ocorrida na mañá do 2 de xullo, *“capitaneada”* polo cura de Coiro e Juan Costas Lemos que acudiron cuns 150 veciños máis ata Ermelo. Foron con sachos, legóns, fouciñas,... e chegados aos lagos de Compra, Fontanciña e Esperón destruíronos e así, coas augas *“soltas”* regaron as súas veigas de Coiro. E no parte de denuncia ao Gobernador Civil polas autoridades de Bueu, remátase dicindo *“Esas augas, segundo rumores circulados pola referida Ermelo, son aproveitadas polo mencionado Sr.*

*Cura, quen dispón das sobrantes, vendéndoas aos seus conveciños”.*

6. Pero non todas as relacións son de enfrontamentos, motíns ou alzamentos. Exemplo de unidade ante as autoridades o temos no ano 1967 cando coa iniciativa dos veciños de Coiro solicitan ás xentes de Bueu acceder xuntos a unha convocatoria de subvencións e así conseguir que lle fixesen un camiño que os achegara máis e que serviría de acicate para evitar o abandono no que se miraban as súas terras. Camiño que comunicaría Coiro-Ermelo-Cela. O goberno central non fixo caso desta demanda coa desculpa de que os cartos eran para arranxo e non para nova construción de camiños e estradas. A pesar de que a existencia do camiño figuraba a nivel oficial.

Unha vez máis tocoulle ao pobo perder... e xa que estamos no muíño do Fausto, utilicemos o verbo “roular” ou o que mellor estimen dependendo do grado de “cabreo” de cada quen, e así facernos escoitar para que o mundo dos nosos xoves, fillos e netos, sexa un mundo onde medre o “millo” da prosperidade e a moenda dos muíños acabe coa fame de cultura, coa fame da saúde, coa fame da educación, coa fame de xustiza e..., con todas as fames.

Como símbolo de irmandade e de axuda a todas ás persoas que o precisen botemos a andar o rodicio deste muíño roulón cantando co poeta “Da terra asoballada”:

“Canta meu carriño, canta  
A redención, esquecida,  
A dor da terra ferida  
De traidores e ladróns...”

Grazas por permitirme “soltar a auga” do pequeno lago das palabras para axudar a regar as ideas que todos vós sementastes ao longo destes 26 anos...